



## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	07	Data	31/10/2018	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Victoriano Tomé Castro</li> <li>▪ José Manuel Míguez Santos</li> <li>▪ José Manuel del Valle Couto</li> <li>▪ Gumersindo Couso Boulosa</li> <li>▪ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>▪ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>▪ María Jesús Brañas Porto</li> <li>▪ Juan Carlos Garrido Álvarez</li> <li>▪ Javier Tomé Castro</li> <li>▪ Juan Luís López Dasilva</li> </ul>						

## Temas tratados

### 1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Enviouse por correo electrónico os borradores das actas número 03, 04 e 05, o xefe de departamento informa que modificou o anexo\_03 da acta número 4, amósanse as modificacións e ninguén se opón o novo contido, apróbanse as actas por unanimidade.

### 2. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

#### Equipos informáticos

Reparáronse ordenadores, impresoras e proxectores nas aulas HM1, HM2 e HM3. Insístese en que que cando se detecte unha avaría se envíe un correo electrónico a profesora María Luz Lorenzo.

#### Maquinaria.

Foron arranxadas avarías na escadradora do taller 02, na encoladora e no control numérico.

#### Instalacións.

Na aula hm2 vanse cambiar as luminarias.

#### Danos nos equipos





Infórmase que nas últimas semanas houbo moitos danos nas aulas; monitores pintados, teclados rotos, mobiliario deteriorado e o plotter da aula hm3 apareceu roto.

Ante a gravidade desta situación solicítase o profesorado que leve un maior control dos equipamentos das aulas, revisando os equipamentos tanto a entrada como a saída das aulas.

Vicente Cortizo comenta que o alumnado non debería estar solo nas aulas.

José Manuel Míguez comenta que se debe falar co alumnado explicándolle a necesidade de coidar as instalacións.

### **Comisión de convivencia**

No sorteo realizado para formar parte da comisión de convivencia saíu elixido Victoriano Tomé Castro.

### **3. Seguimento das programacións.**

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

- Todas as programacións foron pechadas pola xefatura de departamento.
- Nalgunhas programacións falta especificar o procedemento que sigue cada profesor para informar o alumnado sobre os diferentes aspectos da programación. Se pregunta o profesorado sobre esta circunstancia e todo o profesorado afirma que informou o alumnado.
- A partir de agora hai que facer o seguimento das programacións na aplicación informática.

### **4. Programación do departamento.**

Enviouse por correo electrónico o borrador da programación do departamento, achéganse modificacións e apróbase por unanimidade.

### **5. Compras.**

O Xefe de departamento fai unha exposición da xestión das compras durante o período xaneiro-outubro. Amosa unha táboa en formato excel que detalla os gastos realizados durante este período.

Fai unha análise do orzamento, as partidas asignadas, as compras pendentes e a dispoñibilidade económica ata fin de ano.

### **Oferta da empresa Mafell**

A empresa Mafell enviou unha oferta-convenio de cesión de maquinaria, amósase a oferta. Considérase que das catro máquinas ofertadas so dúas son necesarias.

Acórdase poñerse en contacto coa empresa e solicitar que cambien a tipoloxía de maquinaria ofertada. En caso de que a empresa acepte este cambio acórdase suscribir o convenio de cesión e facerlle un seguro as máquinas.



## 6. Xornada técnica de serrado.

Dende o Cluster da madeira contactaron co departamento para solicitar organizar unhas xornadas de serrado móbil no Cifp a xunqueira.

Os membros do departamento consideran oportuno realizar estas xornadas e ninguén pon impedimentos.

## 7. Bancos vellos.

O ano pasado realizáronse bancos novos para o taller 02. Neste momento hai 5 bancos deteriorados hai que retirar. Acórdase regalar os bancos o alumnado, para tal fin organizárase un sorteo entre os alumnos interesados.

## 8. Seguimento dos acordos adoptados.

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa e o nivel de cumprimento.

## 10. Rolda de intervencións.

Manolo Míguez toma a palabra e fai varias observacións, comenta que falta unha fresa con rodamiento, que hai parafusos tirados polo taller e que hai desorden nos armarios do almacén. Solicita que o profesorado teña máis coidado do material.

José Manuel Del Valle Couto comenta varios aspectos: primeiro que os profesores interesados en asistir a xornada de formación de acabamentos lle envíen un correo electrónico, na segunda cuestión solicita colaborar co CEIP A Xunqueira 2 para facer un xogos de madeira. Ninguén se opón a colaboración.

Vicente Cortizo comenta que os alumnos do centro están solicitando material e que esta circunstancia debe ser regulada.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

## Acordos

- Aceptar o convenio de cesión e facerlle un seguro as máquinas Mafell (no suposto de que modifiquen a relación de máquinas). Responsable - Xefe do departamento e María Luz Lorenzo Crespo
- Realizar un sorteo para asignar os bancos deteriorados o alumnado. Responsable - Xefe do departamento.



## Anexos

- Non hai

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro

